

urxente ocupación, polo Concello de Barro para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de mellora da contorna de Barosa, coas condicións sinaladas nos informes emitidos ao respecto, e debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que foran necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela o vinte e nove de decembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Orde do 14 de decembro de 2005 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a entidades privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega.

De acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Xunta de Galicia promove o uso do galego, lingua propia de Galicia. Por isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, en desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado o 22 de setembro de 2004, e de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións, fai pública esta convocatoria, mediante a que pretende animar as entidades privadas sen fin de lucro a que realicen actuacións encamiñadas a aumentar o uso social da lingua galega a partir do seu emprego no ámbito asociativo. Na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio do ano 2006, a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega, a través do desenvolvemento de programas de normalización lingüística entre os asociados, confección de documentación permanente e creativa, a elaboración de accións directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega e a realización de programas informáticos específicos e de actividades publicitarias e portais e páxinas web. Dáselles prioridade aos proxectos integrais de normalización lingüística das entidades solicitantes.

Os proxectos realizaranse desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2006.

Artigo 2º.-Suxeitos.

Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta orde as entidades privadas sen fin de lucro legalmente constituídas que se concretan a continuación:

a) As federacións e confederacións; as organizacións non gobernamentais; os colexios profesionais e as cámaras de comercio.

b) As fundacións e institucións análogas.

c) As que teñan ámbito autonómico e non estean incluídas nos puntos anteriores.

Quedan excluídas as seguintes:

a) As dependentes ou relacionadas xuridicamente con entidades locais, ou calquera outra Administración pública.

b) As asociacións de pais de alumnos.

c) Os movementos de renovación pedagóxica que posúan tal cualificación.

d) As diferentes agrupacións das entidades citadas nos puntos anteriores.

Cada entidade/CIF solicitante poderá presentar un único proxecto, que poderá englobar unha ou varias das actividades especificadas no artigo 5 desta convocatoria. Quedarán eliminadas automaticamente as peticións que excedan este número.

Artigo 3º.-Orzamento.

As subvencións concederanse con cargo á partida orzamentaria 04.60.353E.480.0 por unha contía inicial máxima de 760.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias. En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Artigo 4º.-Órgano competente para a xestión das axudas.

Corresponderalle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, a realización das tarefas de xestión desta convocatoria, sempre de acordo coa existencia de disponibilidades orzamentarias. Para isto crearase unha comisión de avaliación presidida pola subdirectora xeral de Política Lingüística, ou persoa en quen delegue, e composta polos seguintes membros:

-A xefa do Servizo de Xestión e Promoción Lingüística.

-A xefa de Sección ou un/unha xefe/a de negociado ou de grupo.

-Un técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

-Un funcionario da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

Artigo 5º.-Actividades subvencionables.

Terán a consideración de subvencionables as seguintes accións:

a) Desenvolvemento dun plan xeral de fomento da lingua galega entre os seus asociados, a nivel autonómico: trátase de proxectos que executan un programa de normalización entre os seus asociados en ámbitos económicos como o empresarial. Materializan a prestación dos servizos necesarios para o fomento do uso da lingua galega entre o colectivo receptor das accións programadas, incluíndo para tal fin, se é o caso, a contratación específica de persoal. Estas actividades poden ser formativas, informativas, publicitarias e/ou de dinamización. E así, englobaría calquera das seguintes: a creación ou mantemento de gabinetes de normalización ou contratación de asesores lingüísticos, a elaboración de documentación, rotulación, embalaxe, etiquetaxe, campañas publicitarias, certames, premios, xornadas, representacións artísticas, páxinas web, etc.

b) Confección de documentación: o obxecto das subvencións é a elaboración de documentación creativa como programas informáticos específicos realizados integramente en galego, publicacións formato libro, cómics, voceiros, folletos informativos, revistas e boletíns non publicitarios, actividades de creación audiovisual e na internet, realización de programas de radio e TV non publicitarios, material lúdico, etc.

A documentación permanente e a papelaría só serán susceptibles de recibir subvención cando supoñan a creación ou renovación e o desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade e, en calquera caso, para ser avaliadas deberán incluír un texto significativo en lingua galega (textos informativos, lemas publicitarios, etc.).

c) Realización de actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega: engloba a realización de todo tipo de accións directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega, como actividades de animación sociocultural, recreativas e de lecer, realización de certames, congresos, xornadas, premios, cursos (agás os de galego que sexan obxecto doutra convocatoria), campañas divulgativas, exposicións, obradoiros, etc. Ben que só percibirán subvencións as propostas que teñan unha compoñente escrita destacada.

d) Elaboración de actividades publicitarias: as subvencións refírense á publicidade da entidade en calquera soporte ou medio (mass media, folletos, cartelaría, boletíns publicitarios, guías, calendarios, adhesivos, etc.) e, en especial, a realización de actividades audiovisuais total ou parcialmente publicitarias (por exemplo, a través da radio, a televisión, internet, vídeos, etc.). Dentro deste punto inclúese a rotulación, interior e/ou exterior, de locais, vehículos, etc, e a etiquetaxe e embalaxe, ben que só se considerarán subvencionables cando conteñan un texto significativo en galego normativo correcto.

e) Desenvolvemento de portais e páxinas web: os proxectos deberán presentar unha estimación do número de conexións que se prevén. Se se trata dunha páxina en varios idiomas a lingua galega deberá ter carácter preferente.

Artigo 6º.-Requisitos.

Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ao abeiro desta orde deberán cumprir as seguintes especificacións:

-Só se subvencionarán proxectos que estean correctamente realizados en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).

-As actuacións propostas non poderán coincidir literalmente con outra lingua.

En todo caso, e para estes efectos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística pon ao dispor dos adxudicatarios os seus servizos técnicos.

Artigo 7º.-Criterios de concesión.

Os proxectos que se presenten deberán ser técnica e financeiramente viables e os criterios preferentes de concesión serán os que a seguir se relacionan:

a) O grao de normalización lingüística das entidades solicitantes: daráselles prioridade aos proxectos que desenvolvan un plan xeral de fomento da lingua galega a nivel autonómico, en ámbitos como o da empresa.

b) O alcance da actividade que se pretende realizar, entendéndose como tal tanto o sector xeográfico ao que afecta coma a súa incidencia no entramado socioeconómico. Isto será directamente proporcional á contía da subvención que se conceda (a maior raio de acción e importancia socioeconómica corresponderalle unha axuda mais elevada), sempre dentro das disponibilidades orzamentarias.

c) O carácter permanente da actuación.

d) O grao de elaboración, a creatividade e a anovación do proxecto.

e) A utilización das novas tecnoloxías e os recursos achegados pola propia entidade.

f) O número de asociados, agás no caso das fundacións e entidades similares, e das institucións e agrupacións relixiosas.

g) De ser o caso, a existencia de compromiso de contratación de persoal para a execución do proxecto ou plan para o que se solicita a axuda.

Artigo 8º.-Valoración.

Con carácter xeral, as propostas valoraranse de acordo cos criterios de concesión e a seguinte táboa, con suxeición estrita ás disponibilidades orzamentarias desta convocatoria:

Tipoloxía das actividades	Incidencia grande ata	Incidencia media ata	Incidencia pequena ata
Gabinetes lingüísticos e/ou contratación de asesores	30.000	15.000	6.000

Tipoloxía das actividades	Incidencia grande ata	Incidencia media ata	Incidencia pequena ata
Publicidade	1.600	1.080	760
Documentación e papelería	1.560	1.300	800
Programación informática	2.000	1.600	1.200
Audiovisuais	2.000	1.400	950
Xornadas, congresos ...	3.000	1.300	900
Campañas	2.500	1.500	1.080
Certames, premios, cursos, obradoiros, campionatos ...	3.000	965	800
Actuacións, festas, exposicións, rotas ...	1.900	900	600
Publicacións menores (folletos, revistas, boletíns)	1.800	965	800
Publicacións formato libro	2.800	2.000	1.500
Webs	2.000	1.400	950

As web só se subvencionarán cando aseguren unha proxección que supere o ámbito dos asociados e cando sexan desenvolvidas por agrupacións de especial relevancia e sensibilización social (organizacións non gobernamentais, grupos de risco, minusvalídes, etc.).

Co fin de evitar posibles duplicidades na concesión das axudas, poderá optarse por primar os proxectos de entidades tales como confederacións, federacións e análogas, desestimando as propostas para a realización de actividades iguais ou similares cursadas polas asociacións de menor ámbito socioeconómico que se encontren englobadas naquelas.

Con carácter excepcional, na valoración dos proxectos que desenvolvan un plan xeral de fomento da lingua galega en ámbitos como o empresarial, repercutirase un coeficiente multiplicador proporcional ao dimensionamento, características e complexidade da proposta, da entidade que a vai desenvolver e do colectivo receptor. De acordo con isto, no caso de concesión de subvencións de contía igual ou superior a 60.000 euros poderán efectuarse pagamentos parciais á conta ata o 50% do total, por un importe equivalente ao dos xustificantes de gasto que presente o responsable da entidade. O 50% restante aboarase unha vez rematadas as actividades e recibida a correcta xustificación dos gastos realmente efectuados, por conceptos orzamentarios, sempre segundo o procedemento que establece o artigo 12 desta convocatoria.

Artigo 9º.-Documentación.

As solicitudes, no anexo oficial, xunto coa documentación correspondente, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), no prazo de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os interesados presentarán a seguinte documentación na orde que se cita:

1. Solicitude debidamente cuberta e asinada, utilizando o anexo desta convocatoria. Nela especificaranse claramente as características dos proxectos, sendo estritamente obrigatorio que todos os puntos aparezan cubertos, coa finalidade de poder ser valorada pola comisión que se enuncia no artigo 4.

2. Fotocopia compulsada dos estatutos nos que deberá figurar a inscrición no rexistro correspondente.

3. Acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación legal, mediante fotocopia compulsada da acta en que se recolle o nomeamento que corresponda ou, se fose o caso, mediante resolución do órgano competente no que se lle concede ou delega o poder de representación.

4. Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

5. Certificado orixinal actualizado no que consten os datos bancarios completos, selado e asinado pola entidade financeira.

6. Declaración responsable do número de socios a 1 de decembro de 2005.

7. Cando se trate de rotulación permanente e da rotulación ou impresión que teña fins publicitarios, na etiquetaxe e embalaxe, así como na documentación permanente e papelería deberá acompañarse o texto en galego que se pretende imprimir. O citado texto deberá vir corrixido por algún especialista en lingua galega, para isto a Secretaría Xeral de Política Lingüística pon ao dispor dos interesados os seus servizos técnicos e o persoal dos gabinetes de normalización lingüística situados en las delegacións provinciais.

8. Memoria explicativa na que se detallan as actividades que integran o proxecto para o que se solicita a subvención, achegando a temporalización e a cuantificación das accións que se van desenvolver, e o orzamento desagregado.

9. No caso dos proxectos que desenvolvan un programa de normalización para os seus asociados (letra a) do artigo 5 da convocatoria), achegarán un certificado expedido polo secretario da entidade que acredite o número de asociados que estean dados de alta, concretando, se é o caso, as empresas ou entidades participantes no proxecto ou actuacións que se van desenvolver, das que se xuntará relación detallada en soporte informático ou dixital, que terá que incluír o nome do titular e do establecemento, enderezo, teléfono e fax; e unha memoria na que conste o seguinte: a descrición e fins do programa; a metodoloxía e instrumentos que se van utilizar; a localización territorial e o período de execución; o plan de financiamento; os obxectivos e indicadores de seguimento e os resultados esperados en función de cada obxectivo; os medios humanos e materiais cos que contarán e, de ser o caso, un compromiso de contratación no que se recolla polo miúdo o número e características profesionais do persoal que vai contratar, que ineludiblemente haberá de incorporar

a titulados en filoloxía galego-portuguesa ou titulación equivalente.

10. Declaración do conxunto de todas las solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

As fundacións e entidades análogas, así como as institucións e agrupacións relixiosas, están exentas de presentar a declaración recollida no punto 6.

Artigo 10º.-Procedemento.

Recibida cada solicitude de subvención e a súa documentación, será analizada e, se é o caso, requirirase os solicitantes para que nun prazo de dez días hábiles emenden os posibles erros ou ausencias de documentación, preferentemente por correo certificado dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística. San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela. Se transcorrido este prazo non se eliminan as deficiencias observadas, os expedientes arquivaranse sen máis trámite. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos da orde de convocatoria serán valoradas pola comisión segundo os criterios establecidos nos artigos 7 e 8. Posteriormente a secretaria xeral de Política Lingüística elevaralle a proposta ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias. A resolución publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e poralle fin á vía administrativa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Entenderanse desestimadas as solicitudes, de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 11º.-Aceptación da subvención e compromisos.

No prazo máximo de dez días contados a partir da publicación da resolución, as entidades seleccionadas terán que lle comunicar por escrito á Secretaría Xeral de Política Lingüística a súa aceptación da subvención concedida, e dos compromisos que isto supón.

Tamén por escrito e no mesmo prazo de dez días, deberán comunicar á Secretaría Xeral de Política Lingüística as renuncias ás subvencións concedidas, expresando as circunstancias polas que se producen.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a remitir a xustificación correspondente, segundo se recolle no artigo 12 desta convocatoria, e a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos e non poderán solicitar o cambio para outro proxecto. Tamén teñen a obriga de lles facilitar aos servizos competentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística toda a información que se lles requira. A Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Nas publicacións en soporte papel, audiovisual ou na rede, e unicamente nestes casos, constará, coa mesma técnica que os créditos da entidade promotora, o patrocinio da Xunta de Galicia, empregando para iso os logotipos aprobados pola imaxe corporativa. O texto deberá ser: «Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística». A utilización indebida e/ou incorrecta deste texto será motivo de perda da subvención.

Artigo 12º.-Xustificación.

O prazo improrrogable de xustificación e entrega da totalidade da documentación que a seguir se cita, nas condicións recollidas nesta orde, ábrese a partir da publicación da concesión das axudas, e rematará o día 31 de outubro do ano 2006.

Ata esa data as entidades deberán remitir a seguinte documentación á Secretaría Xeral de Política Lingüística, xunto cun escrito no que se cite o número de expediente e os documentos achegados:

1. Xustificantes orixinais, ou fotocopia compulsada, dos gastos realizados, de acordo coa resolución de concesión e nos termos expresados no proxecto presentado, por un valor mínimo equivalente ao da axuda outorgada, excluído o IVE. Unicamente se cursarán requirimentos no caso da existencia de facturas que presenten defectos de forma.

2. Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

2.1. Con carácter xeral, non terán a consideración de subvencionables os conceptos que deseguido se relacionan:

a) Adquisición de material inventariable (ordenadores, cámaras, etc.); consumibles (cartuchos de tinta, disquetes, carretes de fotografías, cintas, etc.); material de oficina (bolígrafos, archivadores, etc.)

b) Compra de libros, material didáctico ou vestuario, con distintos fins dentro das accións que se proponan. Só se aceptará este tipo de gasto cando xustifique a concesión de premios ou o desenvolvemento de obradoiros, contacontos, representacións ou actividades similares, sempre que no concepto das facturas que se acheguen conste a mencionada actividade.

c) Gastos de desprazamento, manutención e aloxamento, axudas de custo e quilometraxe.

d) Alugueres dos locais da entidade e gastos correntes de funcionamento.

e) Gastos relativos á celebración de cócteles e actos análogos.

f) O imposto sobre o valor engadido (IVE). Si será subvencionable cando a entidade acredite que non está dada de alta no imposto sobre o valor engadido, mediante certificación expedida pola correspondente axencia tributaria ou delegación do Ministerio de Economía e Facenda.

Admitiranse as nóminas de persoal da entidade sempre que se xunte unha certificación na que se especifique a parte proporcional dedicada á realización das accións subvencionadas, en tempo e custo.

Na elaboración de revistas, voceiros, boletíns, folletos e similares, o gasto xustificárase preferentemente con facturas expedidas por imprentas e coas relativas á súa distribución, se é o caso.

2.2. Con carácter excepcional e exclusivo dos proxectos que desenvolvan un plan xeral de fomento da lingua galega a nivel autonómico en ámbitos como o da empresa, e que resulten beneficiarios dunha subvención de contía igual ou superior a 60.000 euros, admitiranse como subvencionables gastos incluídos nos puntos b), c) e d) anteriores, ben entendido que o total dos gastos por eses conceptos non poderá superar o 30% do total xustificado.

As datas dos xustificantes estarán comprendidas entre o día 1 de xaneiro e o 31 de outubro do ano 2006.

3. Relación numerada dos xustificantes mencionados no punto anterior, que incluírá o número de factura, o emisor, a suma parcial folla por folla e a suma total da relación.

4. Mostras materiais da realización do proxecto subvencionado (dossier de prensa, disquetes, publicacións, fotografías lexibles, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) e do correcto emprego do galego nos termos do artigo 6 desta orde. Cando se trate de actividades de dinamización sociocultural achegarase un dossier completo que acredite a realización de todas as actuacións realizadas.

5. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, na que se especifique claramente a clave do expediente ou ben o concepto subvencionado. De ser afirmativa deberá expresar os importes e a súa procedencia, e xuntar facturas ou xustificantes de gasto por unha contía equivalente á suma do total das subvencións para idéntico obxecto.

Os beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

O incumprimento de todo o anterior por parte dos interesados, dará lugar ao arquivo do expediente sen máis trámite.

Artigo 13º.-Libramento dos fondos.

Cumpridas correctamente as obrigas recollidas no artigo 12, a Secretaría Xeral de Política Lingüística propondrá o libramento dos fondos de acordo coa normativa orzamentaria vixente. O pagamento da axuda poderá minorarse porcentualmente en función do gasto xustificado.

Nos proxectos con compromiso de contratación, non se aboará o pagamento en tanto non se remitan as copias dos contratos de traballo rexistrados.

Artigo 14º.-Perda da subvención.

Calquera alteración da actividade verbo dos datos que figuran no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas nesta orde, terá como consecuencia a revogación da axuda. A entidade interesada terá que reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, e mailos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento.

No caso de que se lle conceda outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vixencia desta orde, a entidade terá que llo comunicar á Administración. A este respecto, é de aplicación o disposto no artigo 78.9º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo o cal o importe da subvención minorárase cando a súa contía, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o 100% do investimento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Secretaría Xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta convocatoria adaptase ao carácter básico do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de aplicación xeral de subvencións, e ao seu desenvolvemento.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ESCRIBIR A MÁQUINA OU EN MAIÚSCULAS

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS A ENTIDADES PRIVADAS SEN FIN DE LUCRO PARA FOMENTAR O USO SOCIAL DA LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR103A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS DO/A SOLICITANTE

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	NOME DO BANCO E DA SUCURSAL
RUA			
POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE	

A entidade bancaria citada no presente cadro certifica que os datos que nel se consignan son certos e existe a conta citada a nome do perceptor que se indica aberta nesta entidade o día de hoxe.

_____ de _____ de 200 ____

EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA SELO DA ENTIDADE BANCARIA

Don/a _____ Don/a _____

(NOME E SINATURA) (NOME E SINATURA)

DATOS DO/DA REPRESENTANTE (CASO DE SER DIFERENTE DO SOLICITANTE)

REPRESENTANTE (QUEN ASINA A SOLICITUDE)		DNI	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

LEXISLACION APLICABLE

- Orde do 14 de decembro de 2005, pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a entidades privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega.
- Decreto 287/2000, do 21 de novembro (DOG 11-12-2000), polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da C. A. de Galicia.
- Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

_____ de _____ de 200 ____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

____/____/____

DATA DE EFECTOS

____/____/____

DATA DE SAÍDA

____/____/____

DENOMINACIÓN		
DATAS DE EXECUCIÓN	CUSTO TOTAL	CANTIDADE SOLICITADA

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

ORZAMENTO

	CONCEPTO	CUSTO	CONTRIBUCIÓN PROPIA	SOLICITADO
1	TRADUCCIÓN/ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO			
2	IMPRESA (PUBLICACIÓN, CARTELARÍA, DOCUMENTACIÓN, ETIQUETAXE)			
3	EDICIÓN AUDIOVISUAL E PROGRAMACIÓN INFORMÁTICA			
4	PUBLICIDADE EN RADIO, PRENSA, TELEVISIÓN E INTERNET			
5	ROTULACIÓN PERMANENTE			
6	DISTRIBUCIÓN			
	TOTAIS			

SUBVENCIONES OUTORGADAS EN ANTERIORES CONVOCATORIAS

ANO	Nº EXPEDIENTE	CONTÍA	OBXECTO DA SUBVENCIÓN
2005			
2004			
2003			

AXUDAS SOLICITADAS AS DISTINTAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS	Nº DE SOCIOS/MEMBROS

Resolución do 30 de decembro de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Co fin de proceder á equiparación das asesorías xurídicas nas direccións provinciais de Lugo e Ourense correspondentes ao Servizo Galego de Saúde (Sergas), cómpre efectuar a oportuna modificación na relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde (Sergas).

En consecuencia, por proposta da Consellería Sanidade, consultadas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma e a Comisión de Persoal, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e nove de decembro de dous mil cinco, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.-Modificar a vixente relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde (Sergas), nos termos que se sinalan no anexo a este acordo.

Segundo.-Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte a esta.

Visto o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do vinte e nove de decem-